

---

# EVOLUCIÓN DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO EN GALICIA

galicia



---

galicia

Área de Estudos e Investigación  
TURISMO DE GALICIA

# Implantación das VUT en Galicia

---


Preséntanse os datos brutos, sen maior depuración, do número de vivendas de uso turístico (VUT) existentes no Rexistro de Establecementos de Aloxamento Turístico (REAT) e as prazas que representan, como documento complementario aos publicados sobre aloxamentos turísticos nos últimos meses pola Área de Estudos e Investigación da Axencia de Turismo de Galicia: [www.turismo.gal/aei](http://www.turismo.gal/aei)

Período estudado: Do 1 de xuño de 2017 (altas maio) ate o 1 de abril de 2018 (altas marzo); os 11 primeiros meses

A 1 de abril de 2018 existen en Galicia 5.155 VUT

# VUT: establecementos e prazas


O impacto das VUT na oferta de aloxamento turístico en Galicia foi moi notable



Supoñen o **58,9%** dos establecementos de aloxamento turístico en Galicia, de xeito que **3 de cada 5 xa son VUT**

Acumulan o **16,2%** das prazas, **1 de cada 6**


Elevada diferenza entre VUT e prazas que ofertan (media máis baixa de todas as tipoloxías)



# VUT: prazas por establecemento

Dende novembro, o peso das VUT con respecto á oferta de aloxamento na Comunidade semella estabilizarse

O maior incremento produciuse entre xuño e xullo, coa coincidencia do inicio do verán e a recente entrada en vigor da normativa reguladora



## Evolución VUT: a xeito de conclusión

- Importantes incrementos nos primeiros meses
- Posible estacionalidade das altas ligada a períodos vacacionais, en especial o verán.
- Aumento constante no número de VUT ao longo do período e escasos ceses de actividade (continuidade da oferta). Tendencia cara a estabilización .
- Representan 3 de cada 5 establecementos e 1 de cada 6 prazas
- Superan con creces a oferta doutras tipoloxías coas que existen moitas similitudes, especialmente coas Vivendas Turísticas. Ambos recursos están chamados a integrarse, ben como VUT ou ben nunha denominación que asimile ambas tipoloxías.

A regularización das VUT supuxo un incremento superior ás 5.000 vivendas e 26.000 prazas en menos dun ano, cunha tendencia moderada a continuar medrando e adaptándose con rapidez ás necesidades das economías locais ao respecto dos fluxos turísticos.